

Dirección Xeral de Formación Profesional  
CIFP DEL SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

---

# Plan de igualdade CIFP Imaxe e Son

Curso 2023-2024

## 1 Introducción

Co obxecto de impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, xunto coa Secretaría Xeral de Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

Así mesmo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinou un acordo coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, con data 22 de febreiro de 2019, con fin de cumprir as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Este acordo inclúe medidas concretas de actuación, con especial atención á organización dos centros e á formación do profesorado.

Por todo isto, e para organizar as propostas de traballo dos centros educativos, elaborárase un plan de igualdade que concrete as medidas de actuación que se van propoñer para acadar os obxectivos coeducativos.

O presente Plan pretende ser un punto de partida para a sistematización do traballo en igualdade no CIEFP Imaxe e Son presentando unhas propostas de actuacións que favorezan a sensibilización, a información e a formación da comunidade educativa así como o achegamento crítico desde os diferentes ámbitos científico, social e artístico.

## Composición da Comisión de Igualdade

Data da primeira constitución: 13 de novembro de 2019

Renovación da composición: 10 de febreiro de 2023

| Composición  | Nome e apelidos         | Posto  |
|--|-------------------------|--|
| Presidente   | Ignacio Romero Sánchez  | Director                                       |
| Representante do departamento de Información e Orientación Profesional | Alfonso Villares Barro  | Xefe de departamento                           |
| Representante do departamento de Formación e Orientación Laboral       | Sandra Potente Valcarce | Profesora de FOL                               |
| Representante Persoal non docente                                      | Rosario Corral Calvo    | Persoal conserxería                            |
| Representante do alumnado  | Jimena Freire Torrente  | CFGS Producción de Audiovisuais e Espectáculos |

## 2 Contexto normativo

---

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como principio da educación, no seu artigo 1, “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dunha diagnose previa, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, establece no artigo 17, apartado d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

O Decreto 77/2011 do 7 de abril polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional recolle no seu artigo 43.3 apartado m) que no proxecto funcional de centro integrado incluírase calquera outro proxecto ou plan que o centro integrado pretenda desenvolver.

## 3 Principios fundamentais

---

Os principios fundamentais son os recollidos no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017/2020 que se perfila como o instrumento marco para reducir as brechas de xénero existentes nos distintos ámbitos, e avanzar na consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes teno en conta o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016/2020.

O compromiso da Xunta de Galicia co Pacto de Estado contra a violencia de xénero desenvólvese a través de acordos de colaboración para por en marcha actuacións específicas en eidos como o da educación, entre outros. Neste sentido, o acordo de colaboración entre Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinado con data de 22 de febreiro de 2019, establece entre as súas medidas a mellora de plans de igualdade nos CIIFPs. Esta acción específica dirixida aos Centros Integrados de Formación Profesional ven reforzar a percepción dos mesmos como expoñentes da Formación Profesional en Galicia.

O presente plan susténtase en catro principios fundamentais:

- Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que mulleres e homes sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- Inclusión e integración da diversidade: a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

## Análise da situación do centro

---

### Análise xeral da situación de partida

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 da Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia recolle na súa contextualización que

“para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria”

Así mesmo, recolle noutro parágrafo

“Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén que a transmisión desde a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como propias de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso revertir”

Atendendo a estes principios, este plan de igualdade basearase nas seguintes directrices:

- Nos principios dos valores democráticos de igualdade, liberdade e xustiza que garanta a defensa dos dereitos humanos e a coeducación como modelo pedagóxico.

- Na inclusión aplicando a perspectiva de xénero e evitando situacións de discriminación por razón de sexo, identidade de xénero ou orientación sexual de calquera membro de comunidade educativa.
- Na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na que teñan as mesmas oportunidades profesionais e persoais.
- Na visibilidade transmitindo unha formación libre de estereotipos independentemente do xénero das persoas.

No CIFP Imaxe e Son nunca se deu o caso de ter que activar protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. Este condicionante leva consigo que tampouco fora preciso un diagnóstico previo da existencia de violencia machista no centro a da situación da igualdade en xeral.

A pesar desta situación, no centro realízanse certas cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero tales como:

- Relaciónanse obxectivos coeducativos nos diferentes plans do centro
- Procúrase sensibilizar e informar dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa
- Proporcionase unha formación e unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero
- Realízanse actividades formativas de carácter práctico e grupal entre o alumnado onde teñen que desenvolver producións audiovisuais coa liberdade para tratar os temas relacionados coa igualdade ou a discriminación entre mulleres e homes, a violencia de xénero, educación afectivo – sexual, abuso sexual, LGBTIfobia, etc.
- Ofértase ao profesorado a posibilidade de participación en plans de formación permanente do profesorado onde se traballe desde a perspectiva de xénero.

## Contextualización

A situación de partida no que se refire aos datos de profesorado e persoal non docente do CIFP desagregados por xénero, son os que seguen:

- Persoal docente: 23 mulleres, 17 homes. Grao de feminización = 57,5%
- Persoal non docente: 5 mulleres. Grao de feminización = 100%
- Grao de feminización total persoal = 62%

No Plan de acción tutorial do CIFP xa figuran obxectivos coeducativos concretos e accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Tamen nas Normas de organización e funcionamento tense en conta a prevención da violencia de xénero, a igualdade e a non discriminación por razón de sexo.

A estes efectos noméase unha persoa responsable en materia de igualdade no centro, que traballará coordinada coa comisión de igualdade do CIIFP. A persoa responsable é José Francisco Barba Escriba, Xefe da área de formación.

## Análise DAFO

### Cuestións internas

| Fortalezas  | Debilidades   |
|---|---|
| Non se detectan fendas de xénero na comunidade educativa  | Equipo directivo do centro conformado por homes na súa totalidade   |
| Non se teñen detectado casos de discriminación por razón de sexo  | As empresas que acollen á FCT, poden solicitar discriminar por sexo |
| Espazos comúns do centro sen diferencias por razóns de sexo   |   |
| Inclusión nas programacións docentes de contidos de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero |   |
| Distribución por sexos do profesorado moi igualitaria   |   |

### Cuestións externas

| Oportunidades  | Ameazas  |
|--|--|
| Matrícula sen diferencias por sexos  | Cuestións familiares ou de entorno social irregulares ailladas |
| Todo o alumnado é adulto e con formación en cuestións de xénero  |  |
| Alumnado interesado en sensibilización en temas de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero |  |

## Apartados 4, 5, 6 e 7

---

### Obxectivos xerais do Plan

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo – sexual
- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia

### Medidas concretas de actuación

#### Na organización do centro

- Favorecer a representación de mulleres e homes nos órganos de decisión e representación dun xeito equitativo
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Social para participar no impulso do Plan de Igualdade
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade
- Promover a formación do profesorado e do alumnado en materia de igualdade
- Empregar unha linguaxe igualitaria e non discriminatoria na actividade do centro
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos
- Promover pautas de actualización curricular con perspectiva de xénero

#### Na eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisión das programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero
- Revisión do material didáctico empregado na aula e nas producións audiovisuais (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades...)
- Realizar actividades de información e sensibilización no centro, con outros centros e o entorno audiovisual

#### Na xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Difundir información a través das redes sociais, da web e os taboleiros do centro
- Promover visionados de obras audiovisuais coeducativas a través da biblioteca escolar
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional

- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais

Na inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes
- Promover actividades de coidado entre persoas e do medio ambiente
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa





## Desenvolvemento das actuacións

| Actuación   | Obxectivos  | Actividades  | Responsables.<br>Coordinación e participantes   | Orzamento/Recursos   | Medición/Indicador  | Cronograma<br>das actuacións |
|---|---|--|---|--|---|------------------------------|
| Actuación 1<br>Renovación da<br>Comisión de<br>Igualdade                | Creación da comisión<br>para a posta en<br>marcha e o<br>seguimento do Plan<br>de Igualdade                             | Actividade 1.<br>Renovación da Comisión<br>de Igualdade  | Presidente: Ignacio Romero Sánchez<br>Alfonso Villares Barro (DIOP)<br>Sandra Potente Valcarce (FOL)<br>Rosario Corral Calvo (PAS)<br>Jimena Freire Torrente (Alumnado) | Espazos e tempos de<br>traballo e reunións<br>Equipos informáticos | Número de xuntanzas<br>realizadas<br>Actuacións deseñadas   | Curso 2024/2025              |
| Actuación 2<br>Difusión web e<br>RRSS                                   | Informar e<br>sensibilizar sobre<br>igualdade,<br>perspectiva de xénero<br>e coeducación na web<br>e las RRSS do centro | Actividade 2<br>Publicacións actualizadas<br>sobre actividades<br>relacionadas na<br>web/RRSS  | Ignacio Romero Sánchez<br>Eva López Gullón (Responsable<br>calidade)<br>Mónica Parada Gandos<br>(Responsable RRSS)  | Servidor web<br>Equipos informáticos                               | Número de publicacións<br>realizadas relativas a<br>igualdade, perspectiva<br>de xénero e coeducación | Curso 2023/2024              |
| Actuación 3<br>Presentación do<br>Plan de Igualdade                     | Presentar e difundir o<br>Plan de Igualdade a<br>toda a comunidade<br>educativa   | Actividade 3<br>Envío do Plan de<br>Igualdade a todo o persoal<br>do centro<br>Publicación web   | Equipo de igualdade   | Equipos informáticos   | Difusión realizada  | Outubro 2023                 |
| Actuación 4<br>Conmemoración<br>do 8M Día<br>internacional da<br>muller | Conmemorar a loita<br>das mulleres pola<br>participación da<br>muller na sociedade<br>en pé de igualdade<br>cos homes   | Actividade 4<br>Organización dunhas<br>charlas/talleres<br>conmemorativos do 8M<br>coa participación de<br>mulleres traballadoras nos<br>campos dos 5 ciclos<br>superiores do centro | Alumnado do centro e profesorado<br>coordinador   | Equipos informáticos e de<br>proxección<br>Salón de actos          | Difusión das<br>charlas/talleres<br>realizados  | Abril 2024                   |

## Apartado 8. Propostas de visibilización e difusión

---

Difusión das accións a realizar por varios métodos: difusión interna no centro (taboleiros, monitores de información, intranet, presentación nas aulas). Difusión externa: web do centro, redes sociais, comunicación por correo electrónico.

Especial difusión das charlas/talleres conmemorativos do 8M: RRSS, radio e prensa escrita.

## Apartados 9 e 10.

---

### Medidas de seguimento e Avaliación

Mediante un procedemento de avaliación do funcionamento do plan a través da definición que aporten os indicadores de medida e os instrumentos de avaliación que están fixados en cada unha das fichas das actuacións a realizar, obtéranse as evidencias e poderanse valorar os avances de xeito obxectivo.

Logo da análise e valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

### Revisión e mellora do Plan e conclusións finais

Realizarase no documento “Memoria do Plan de Igualdade”